



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA
Informe climatolóxico
Mes de febreiro 2008

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE FEBREIRO 2008



1.- Resumo

Mes cálido con chuvias escasas no litoral

O mes de febreiro comezou coa influencia das baixas presións atlánticas, que deixaron chuvias nos primeiros 6 días do mes. Estas chuvias foron especialmente abondosas na xornada do 3 cando o paso dunha fronte moi activa deixou chuvias intensas e fortes refachos de vento. Entre os días 6 e 7, o estado da atmosfera cambiou, comezando unha serie de xornadas anticiclónicas de 10 días de duración. Este anticiclón tivo a particularidade de impulsar ventos de compoñente sur, polo que contra o que sería normal neste mes non deixou temperaturas baixas durante a madrugada e si que se rexistraron temperaturas diúrnas por riba do agardado neste mes. Outra peculiaridade destes días anticiclónicos con ventos de sur foi a presenza de néboas costeiras de advección, fenómeno difícil de observar no inverno. A serie anticiclónica deu paso nos derradeiros días do mes a unha situación máis variable, na que os días de chuva alternaron con días secos, aínda que en xeral as fronteas chegaron con pouca intensidade a Galicia. Estas fronteas entraron nas xornadas do 18 e 24 dende o sur para o norte, deixando sempre máis chuva nas provincias de Pontevedra e Ourense. Na xornada do 27 rexistrouse o paso dunha fronte asociada a unha borrasca centrada ó oeste de Irlanda, con ventos do sudoeste, que deixou chuvias máis xeneralizadas que as fronteas anteriores. Estas situacións reflíctense nos mapas de anomalías de presión en superficie e 500 hPa con presións máis altas do normal sobre Europa occidental e o Mediterráneo.

Chuvia: O mes pode considerarse seco ou moi seco no litoral de Galicia, mentres que no interior achegase á normalidade. Esta diferenza explicase dado que polas peculiaridades das fronteas que chegaron este mes practicamente non se detectan diferencias entre o litoral e o interior, cando o normal e rexistrar máis chuva no litoral.

Temperatura: O mes acadou temperaturas medias altas comparadas coa media dos 30 anos anteriores. Este efecto é particularmente notable nos valores máximos, posto que tanto os días de chuva como os anticiclónicos tivemos un predominio de ventos de sur, de xeito que se acadaban valores diúrnos altos en ambos casos. As mínimas foron tamén máis altas en xeral que a media, pero no interior achéganse moito á normalidade.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

CIS FERROL

	FEBREIRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	13.1	11.0	13.5 (1990)	9.3 (1981/83)
T ^a mínima media	8.5	8.1	11 (1990)	6.1 (1981)
T ^a minima absoluta	4.0 (día 2)	0.2 (15/02/1983)		
T ^a máxima media	18.3	13.8	16.7 (1998)	12 (1983)
T ^a máxima absoluta	22.6 (día 7)	24.6 (27/2/1997)		
Precipitación acumulada	58	77-101	250 (1979)	17.8 (1993)

Comentario:

*Mes moi cálido en xeral, especialmente no caso das máximas, que acadan un valor promedio superior ao máximo histórico na cidade da Coruña
A chuvia acumulada queda moi por debaixo do rango normal; o mes pode considerarse moi seco*



SANTIAGO

	FEBREIRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.2	9.6	11.8 (1998)	7.4 (1983)
Tª mínima media	7.0	5.5	9.0 (1990)	3.5 (1984)
Tª mínima absoluta	1.3 (día 2)	-2.7 (16/02/1983)		
Tª máxima media	16.5	13.7	17.6 (1998)	10.5 (1983)
Tª máxima absoluta	21.2 (día 22)	22.8 (22/02/1990)		
Precipitación acumulada	54	153-170	346 (1986)	14 (2004)

Comentario:

Mes moi cálido en xeral, especialmente no caso das máximas, preto de 3 °C por riba do agardado

A chuvia acumulada foi moi inferior ao valor agardado; o mes pode considerarse moi seco.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982

LUGO

	FEBREIRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.5	7.5	10.7 (1990)	3.4 (1981)
Tª mínima media	2.7	3.3	7.5 (1990)	-1.1 (1981)
Tª mínima absoluta	-3.6 (día 14)	-9 (17/02/1983)		
Tª máxima media	16.2	11.6	16.1 (1998)	8 (1981)
Tª máxima absoluta	20.5 (día 10)	23 (27/02/1997)		
Precipitación acumulada	60	63-90	275 (1979)	20 (2004)

Comentario:

O mes pode consiedarse cálido en canto as temperaturas medias e moi cálido respecto as temperaturas máximas: o seu promedio chega a superar o máximo histórico de 1998. Sen embargo o mes resulta frío en canto ás temperaturas mínimas.

A chuvia acumulada quedou lixeiramente por debaixo do rango de valores normais neste mes.



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	FEBREIRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	12.2	10.1	12.8 (1990)	8.5 (1983)
Tª mínima media	7.7	5.4	9.7 (1990)	3.4 (1981 y 1989)
Tª mínima absoluta	3.5 (día 13)	-2.8 (12/02/1978)		
Tª máxima media	18.4	14.8	18.2 (1998)	12.5 (1983)
Tª máxima absoluta	22.5 (día 22)	23.5 (14/02/1998)		
Precipitación acumulada	72	142-187	526 (1979)	10.9 (2004)

Comentario:

Mes moi cálido en xeral, especialmente en canto ao promedio das temperaturas máximas, que chegan a superar o máximo de 1998
A chuvia acumulada queda moi por debaixo do rango normal de valores agardado; o mes pode considerarse moi seco.

OURENSE

	FEBREIRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.7	9.3	14.8 (1997)	8.5 (1975)
Tª mínima media	5.4	3.7	8.0 (1990)	0.7 (1992/93)
Tª mínima absoluta	0.4 (día 14)	-5.2 (12/02/1978)		
Tª máxima media	18.1	14.8	18.9 (1998)	12.1 (1986)
Tª máxima absoluta	22.6 (día 8)	24.8 (25/02/2000)		
Precipitación acumulada	72	57-70	212 (1978)	10 (2004)

Comentario:


Mes moi cálido en xeral, especialmente en canto ás temperaturas máximas
A chuvia acumulada chega a superar lixeiramente o rango de valores normais, polo que o mes pode considerarse húmido



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


Anomalías de presión en superficie.
Mes Febreiro 2008






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

**Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.
Mes Febreiro 2008**





3.3.- Temperatura media das máximas




T_{máx} -- 02/2008

www.meteogalicia.es



3.4.- Temperatura media das mínimas




Tmín -- 02/2008

www.meteogalicia.es



3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)



Chuvia -- 02/2008

www.meteogalicia.es